

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A FUNDACIÓN CONTEMPORÁNEA PARA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES.

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Carlos López Campos, Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril (DOG núm. 73, do 14 de abril), que actúa de conformidade coas facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

E doutra parte, Dña María Alejandra López Vázquez con NIF 28786450H, apoderada da Fundación Contemporánea CIF G85598928, segundo as facultades que lle outorgan os estatutos.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuídas competencias en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.17 da Constitución Española. Dentro dese ámbito competencial, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de promoción e difusión da cultura, do patrimonio cultural, dos aspectos vinculados á protección e promoción do patrimonio cultural de Galicia e dos Camiños de Santiago.

A Consellería competente en materia de cultura vén desenvolvendo desde anos atrás unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura, para achegar o máximo posible o seu patrimonio cultural á sociedade en xeral.

Segundo.- Que a *Fundación Contemporánea* constitúese nunha organización de



natureza fundacional e sen fin de lucro, cuxo patrimonio se atopa afectado de modo duradeiro á realización de fins de interese xeral, propios da Fundación, que se detallan nestes Estatutos.

A Fundación ten entre os seus fins contribuír ao desenvolvemento do sector cultural e á súa maior profesionalización e internacionalización, fomentando a innovación, a colaboración e o emprendemento. Fomentar a participación da cidadanía en espazos e programas culturais, así como a promoción da creación de espazos culturais sostibiles.

Con carácter xeral leva a cabo actividades de encontro, información, debate e intercambio de experiencias entre profesionais da xestión cultural e promove a innovación cultural apoiando proxectos emprendedores con actividades de asesoramento, formación, difusión pública e financiamento.

Terceiro.- Que anualmente o Observatorio da Cultura de Fundación Contemporánea presenta o seu informe anual, “Lo Mejor de la Cultura”, elaborado a partir da opinión dos profesionais do sector cultural.

O informe, elaborado desde 2009, inclúe unha serie de clasificacións e indicadores recorrentes relativos á actividade cultural das nosas cidades e comunidades e ás institucións e acontecementos culturais máis salientables do ano, o que facilita analizar a súa evolución. Así mesmo, en cada edición da consulta expónse outras cuestións de interese para o sector.

O obxectivo principal do Observatorio da Cultura é dar visibilidade a unha oferta cultural moi ampla, de gran calidade e en constante renovación ao longo de toda a xeografía española, achegando o aval dos profesionais máis salientables do sector.

Para levalo a cabo, envíase ao cabo de cada ano un cuestionario a un panel formado por preto de mil profesionais de primeiro nivel da nosa cultura, representándoos distintos perfís profesionais e campos da cultura en toda España: responsables de fundacións, directores de museos, teatros, centros e institucións culturais; editores, produtores, promotores, galeristas e responsables de industrias culturais; comisarios de exposicións, directores de festivais, xestores culturais, artistas e creadores de todos os



campos e profesionais do sector, así como responsables de áreas e institucións culturais das administracións públicas central e local. Os responsables dos proxectos incluídos cada ano nas distintas clasificacións do informe, son invitados a formar parte do panel en anos posteriores.

Anualmente o informe “Lo Mejor de la Cultura” preséntase nun acto público, en diferentes capitais culturais españolas, coa asistencia de membros do panel e representantes de organizacións culturais de toda España, profesionais do sector, medios de comunicación e autoridades locais. No transcurso do acto faise entrega das Insignias Culturais aos proxectos salientables como os mellores do ano en España e en cada comunidade. A última edición tivo lugar no Palacio de Festivais de Cantabria, en Santander, en xaneiro de 2026 e a anterior, no Cine Albéniz de Málaga, en xaneiro de 2025.

Cuarto.- Que a Fundación Contemporánea pretende levar a cabo unha nova presentación do Informe “Lo Mejor de la Cultura” en Santiago de Compostela, ca entrega das Insignias Culturales de España 2026 o día 28 de xaneiro no CGAC.

O éxito das anteriores edicións débese, en gran medida, á participación de representantes dos 17 proxectos gañadores de cada Comunidades Autónomas, ao representante do proxecto gañador nacional así como un grupo de xornalistas culturais nacionais. Nun escaparate de excelencia da cultura da nosa Comunidade e fomentando a interrelación entre os profesionais do sector cultural público e privado.

Quinto.- A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, dentro das súas competencias, está interesadas en apoiar a realización do citado proxecto, por tratarse dun evento relevante que contribúe á consolidación da imaxe de Galicia, motivo polo que entende que é de interese público a participación no acto de entrega das Insignias Culturales de España 2026 a Fundación Contemporánea, creadora e realizadora da enquisa anual “Lo Mejor de la Cultura e organizadora do evento de entrega de insignias, e polo tanto a única entidade que pode desenvolver o seu obxecto de xeito completo.



Por tal motivo desenvólvense mecanismos de promoción e difusión cultural que buscan, por un lado, apoiar a distribución e estimular o consumo de bens, servizos e produtos culturais e, paralelamente, buscan incentivar a presenza, a participación e a diversificación de públicos e garantir o acceso a unha oferta cultural diversa e de calidade por parte da nosa cidadanía.

Sexto. Dado que as actividades obxecto deste convenio forman parte das liñas de actuación da consellería existen fins común para ambas entidades teñen a vontade de colaborar na organización deste evento.

Por todo o exposto acordan asinar este convenio de colaboración baseándose nas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio.

O obxecto deste convenio é regular as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a *Fundación Contemporánea* para a organización e celebración do acto de entrega das "Insignias Culturales de España 2026", que se desenvolverá en Santiago de Compostela en xaneiro de 2027.

Segunda.- Xustificación da non concorrencia competitiva

Non é posible promover a concorrencia pública para a realización destas actividades dada a súa especificidade e exclusividade baseadas en criterios obxectivos por canto é a Fundación Contemporánea e a entidade que elabora o informe anual "Lo Mejor de la Cultura" e a única que pode presentar dito informe e realizar a entrega das "Insignias Culturales de España 2026", na nosa Comunidade Autónoma.

Por todo o anterior é a Fundación quen posúe a especificidade como beneficiaria así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.



Así mesmo e de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Dirección Xeral de Cultura, para o ano 2026, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos nese plan.

Terceira.- Orzamento e financiamento. Gastos subvencionables.

O orzamento estimado para as actuacións obxecto do presente convenio ascende a 106.550,00€ para os exercicios 2026 e 2027 coa desagregación por actuacións que se xunta como ANEXO I.

Con todo, non se entenderá incumprido o deber de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado no dito ANEXO I cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaron a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.

A Consellería cofinanciará as actuacións derivadas do presente convenio cun importe total máximo de 96.800,00 € que se imputarán á partida orzamentaria 13.03.432B.640.0 do orzamento da Xunta de Galicia para o ano 2026 e 2027, de acordo con a seguinte distribución:

2026: 60.000 euros

2027: 36.800 euros

A Fundación Contemporánea colaborará na realización do proxecto ademais de cos seus medios persoais e técnicos cunha achega total de 9.750,00 € de acordo coa seguinte distribución:

2026: 7.500,00 €

2027: 2.250,00€

En todo caso, os gastos de persoal aos que se refire o orzamento estimado serán



exclusivamente os do persoal propio, ou contratado ao efecto, dedicado especificamente á execución da actividade, sen que en ningún caso se financie o gasto do persoal dedicado ó funcionamento ordinario da Fundación.

As achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actuacións obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

Cuarta.- Compromisos das partes.

A Xunta de Galicia a través da Consellería de Cultura Lingua e Xuventude asume os seguintes compromisos.

1. Contribuír ao financiamento dos gastos de organización e celebración do evento cun máximo de 96.800€ con cargo á aplicación orzamentaria 13.03.432B 640.00 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.
2. Proporcionar asesoramento e colaboración e participar co seu persoal técnico na realización do evento, incluíndo a elaboración do programa, a selección das salas, locais e hoteis necesarios
3. Participar, xunto con Fundación Contemporánea, na realización das accións necesarias para a difusión e promoción do evento. Neste sentido, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude incluírá información sobre o mesmo na web e medios oficiais.

II. A Fundación Contemporánea

- Dirección e coordinación integral do acto.
- Invitación e recepción das 18 insignias culturais premiadas.
- Invitación e recepción das grandes personalidades invitadas do sector cultural nacional.
- Secretaría técnica para invitados
- Secretaria técnica para xornalistas.
- Gastos de desprazamento, aloxamento e dietas dos profesionais e medios de comunicación.



- Aparición da marca da Xunta de Galicia e Xacobeo 2027 en todas as comunicacións gráficas derivas da presentación.
- Deseño e execución da campaña de comunicación.
- Cena de mércores 27 de xaneiro.
- Contratación do rexedor do gala.
- Deseño e produción da escenográfica e outros elementos de decoración e sinalética durante a cerimonia.
- Elaboración integral de todas as pezas audiovisuais.
- Redacción do guión da gala e ensaios xerais previos á mesma.
- Xestión das visitas dos invitados.
- Gastos derivados dos desprazamentos, aloxamentos e dietas do equipo da Fundación.
- Convocatoria e coordinación dos ata 10 medios nacionais.
- Contribución os gastos de dirección do evento cun máximo de 9.750€

Quinta.- Inexistencia de relación laboral.

A firma deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e a Consellería, de tal maneira que a esta non se lle pode esixir ningunha responsabilidade –nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria– polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Sexta.- Comprobación de datos

Para a tramitación deste convenio consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- Certificado acreditativo de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT.
- Certificado acreditativo de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.
- Certificado acreditativo de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da comunidade autónoma.



No caso de opoñerse a esta consulta, deberán indicalo expresamente e, ao mesmo tempo, achegar os documentos oportunos. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Así mesmo, de acordo co artigo 10 da Lei 9/2007, o beneficiario deberá presentar unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, sinaladas nos apartados 2 e 3 do citado artigo. Esta declaración deberá presentarse antes da sinatura do convenio.

Sétima- Xustificación dos gastos e pagamento.

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude contribuirá no desenvolvemento das actuacións previstas neste convenio coa achega total de 98.600 € que se imputarán a partida orzamentaria 13.03.432B.640.0, proxecto 2024 00055, do orzamento da Xunta de Galicia para os anos 2026 e 2027, de acordo coa seguinte distribución:

2026: 60.000 €

2027: 38.600 €

Segundo se vaian realizando as actividades recollidas na cláusula primeira deste convenio, a Fundación Contemporánea poderá presentar xustificación por cada unha das actividades realizadas e rematadas. Para elo presentará electronicamente a seguinte documentación:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.



- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterá:
 - Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor, do importe, data de emisión e data de pagamento.
 - No caso de que as actividades realizadas impliquen gastos de persoal, a Fundación Contemporánea achegará unha certificación do persoal que participa no proxecto.

Aos efectos desta xustificación, consideraranse os gastos realizados no ano 2026 a partir da data de sinatura do presente convenio e que respondan á natureza da actividade realizada.

Para as actuacións levadas a cabo durante os anos de vixencia deste convenio, o prazo máximo para a presentación da documentación xustificativa será o 15 de decembro para as desenvoltas no 2026 e a correspondente a anualidade 2027 será como límite 3 meses despois de realizado do obxecto final do convenio o 28 de xaneiro de 2027.

Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización dos prazos de xustificación establecidos para o 2026 e 2027.

A Dirección Xeral de Cultura será o órgano competente encargado de comprobar o cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previsto.

A Fundación Contemporánea facilitará toda a información que lle requira a Consellería así como a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Oitava- Publicidade

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.



Así mesmo, a Deputación acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Novena- Dereitos sobre a información e titularidade dos resultados. Difusión da colaboración das partes

Os resultados froito deste convenio, tales como materiais, bases de datos, publicacións e demais material obtido, serán de titularidade e uso común da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Fundación Contemporánea. *En todo caso respectarase o establecido no Real Decreto Lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, regularizando, aclarando e harmonizando as disposicións legais vixentes sobre a materia (BOE núm. 97, do 22/04/1996).*

A Consellería resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa. Sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención das outras partes e deste convenio.

O uso e a difusión sobre os resultados, publicacións e demais materiais terán carácter gratuíto para as partes asinantes do convenio, logo do consentimento da outra parte.

Décima.- Vixencia.



O presente convenio estenderá a súa vixencia desde o día seguinte ao da data de sinatura desde convenio e ata o 31 de decembro de 2027.

Décimo primeira.- Comisión de seguimento.

Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada polo director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude ou a persoa en quen delegue, e polo presidente da Fundación Contemporánea, ou a persoa que designe en substitución. Serán funcións da devandita Comisión a coordinación e seguimento das obrigas das partes no presente convenio e a resolución dos problemas de interpretación e cumprimento que poidan proporse con respecto ao convenio.

Décimo segunda.- Causas de resolución.

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento por mutuo acordo.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para rescindilo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto do programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión.

A Administración da Comunidade Autónoma poderá desistir da tramitación deste convenio.

Décimo terceira.- Responsabilidade das actuacións.



O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo cuarta.- Avaliación de resultados.

Co fin de valorar os resultados finais en relación aos fondos públicos, unha vez presentada a xustificación, ou xunto con ela, en todo caso antes do 31 de decembro, a Fundación Contemporánea deberá enviar unha avaliación dos resultados obtidos nas actividades realizadas en cada un dos anos de vixencia do convenio, de acordo coas indicacións dadas pola Consellería.

Décimo quinta.- Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais.

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo sexta.- Administración dixital.



As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

Décimo oitava.- Notificación electrónica.

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.



Décimo novena.- Réxime xurídico.

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións. Tamén quedará suxeito ao disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvención e a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

A posible discrepancia na aplicación e/ou interpretación deste convenio resolverase por diálogo directo entre as partes ou pola comisión de seguimento prevista na cláusula décimo primeira.

E en proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio na data da súa sinatura dixital.

Pola Consellería

Pola Fundación

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude

A apoderada

José López Campos

M. ^a Alejandra López Vázquez



ANEXO i

PARTIDAS	TOTAL	TOTAL CONSELLERÍA	TOTAL FUNDACIÓN	CONSELLERÍA 2026	FUNDACIÓN 2026	CONSELLERÍA 2027	FUNDACIÓN 2027
COORDINACIÓN	45.800,00€	45.800,00€		21.640,00€		24.640,00€	
Coordinación Xeral	14.520,00 €	14.520,00 €		12.705,00 €		1.815,000 €	
Apoio produción e protocolo	4.235,00€	4.235,00€		4.235,00€			
Desprazamentos xerais	16.430,00 €	16.430,00 €		4.700,00€		11,730,00€	
Desprazamentos internos/bus	3.850,00 €	3.850,00 €				3.850,00€	
Aloxamentos	4.950,00€					4950,00€	
Rexiduría gala	1.815,00€					1.815,00€	
COMUNICACIÓN	18.755,00 €	18.755,00 €		15.630,00 €		3.125,00 €	
Coordinación xeral prensa e RDP	10.285,00 €	10.285,00 €		8.500,00 €		1.785,00 €	
Apoio comunicación	3.630,00 €	3.630,00 €		3.630,00 €			
Plan de mercadotecnia	4.840,00 €	4.840,00 €		3.500,00 €		1.340,00 €	
RESTAURACIÓN	1.650,00€					1.650,00€	
PRODUCCIÓN							
Produción pezas	7.260,00 €	7.260,00 €		7.260,00 €			
Cobertura fotográfica	4.840,00 €	4.840,00 €				4.840,00 €	
Deseño e produción gráfica	7.000,00 €	7.000,00 €		7.000,00 €			
Deseño e produción insignias	8.470,00 €	8.470,00 €		8.470,00 €			
Tradución prensa internacional	3.025,00 €	3.025,00 €				3.025,00 €	
DIRECCIÓN							
Dirección proxecto	9.750,00€		9.750,00€		7.500,00 €		2.250,00€
TOTAL con IVE	106.550,00 €	96.800,00 €	9.750,00 €	60.000,00 €	7.500,00 €	36.800,00 €	2.250,00 €

